

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

### PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €  
Al semestre.....24,04 €  
Mas gastos de envío  
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

### VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €  
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €  
Por ejemplar de más de 12 páginas ..... 1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

### ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €  
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.  
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.  
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)  
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

## XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

Demarcación das Concas Intercomunitarias de Lugo

Servicio Territorial Demarcación Galicia Norte

A CORUÑA

Información pública

Anuncio

CLAVE: DH.W27.04924

D. Fernando Gutiérrez Madaleno, con DNI 14227253M, e con enderezo en Rúa Progreso nº 27, 27001 Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para a legalización das obras de construción dunha vivenda con drenaxe perimetral das augas de afloramento e condución subterránea das mesmas ó Rego do Lopo (marxe esquerda) na Avda. Casiano Moreno do Concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º, Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de febreiro de 2007.- O Xefe de Sección de Dominio Público Hidráulico, Julio Rivera de Soto.

R. 00913

## Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

SERVICIO DE RELACIÓNS LABORAIS

PACTOS EXTRAESTATUTARIOS

Exp. 0001-2007

Visto o texto do acordo das condicións de traballo dos funcionarios públicos do Concello de Monforte de Lemos, asinado o día 15 de decembro de 2006 (aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 28 de decembro de 2006), en representación do Concello o Sr. Alcalde-Presidente e a Concelleira de Emprego, pola parte social o Delegado de Persoal de CC.OO. e os representantes de U.G.T. e C.I.G., e de conformidade co disposto no art. 36 da Lei 9/1987 do 12 de xuño, sobre órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servicio das Administracións Públicas.

Esta Delegación Provincial acorda ordena-lo depósito do citado acordo no Depósito de Pactos Extraestatutarios desta Delegación Provincial, remiti-lo texto do mentado Acordo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia e dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 9 de febreiro de 2007.- O DELEGADO PROVINCIAL, José Miguel Vázquez Calvo.

ACTA DE SESION DE 15/12/2006 DA MESA NEGOCIADORA DO ACORDO MARCO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS QUE DEROGARA, SI PROCEDE O ACORDO MARCO ÚNICO DE APLICACIÓN NA ACTUALIDADE.

Nomes e apelidos dos seus componentes:

POLA EMPRESA:

SEVERINO RODRIGUEZ DÍAZ (O ALCALDE)

MARÍA JOSÉ VEGA BUJÁN (CONCELLEIRA DE EMPREGO)

POLA PARTE SOCIAL:

ELISEO RIVAS PERNAS (ASESOR UXT)

XOSÉ MANUEL LÓPEZ PÉREZ (ASESOR CIG)

ELISA FERNANDEZ RODRIGUEZ (REPRESENTANDO A CIG)

TOMÁS FERNÁNDEZ MENDEZ (REPRESENTANTE DE CC.OO.)

Actúa como Secretaria: SONIA ROIS FERNANDEZ.

Revisanse as actas das sesións anteriores por si se detecta algún erro, asinanse ó estar todos dacordo, dase por constituída válidamente a sesión.

Por omisión no artigo dous faise constar que deberá por:

" En caso de denuncia considerárase prorrogado a tódolos efectos ata a entrada en vigor do que o substitúa"

Recóllese a aspiración sindical de 35 horas de xornada semanal, deixando constar que calquer modificación legal da xornada semanal será de aplicación automática.

Unha vez revisado o borrador do acordo se asina ó estar todas as partes dacordo.

Asinan:

POLA PARTE SOCIAL:

TOMÁS FERNÁNDEZ MENDEZ

(REPRESENTANTE DE CC.OO.)

ELISA FERNANDEZ RODRIGUEZ

(REPRESENTANTE DA CIG)

ELISEO RIVAS PERNAS (ASESOR UXT)

XOSE MANUEL LÓPEZ PÉREZ (ASESOR CIG)

POLA EMPRESA:

MARÍA JOSÉ VEGA BUJÁN

(CONCELLEIRA DE EMPREGO)

SEVERINO RODRIGUEZ DÍAZ

(ALCALDE)

A SECRETARIA, Sonia Rois

ACORDO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CAPÍTULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

ARTIGO 1: ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

1. O contido do presente acordo será de aplicación a todo o persoal funcionario do Concello de Monforte.

ARTIGO 2: ÁMBITO TEMPORAL.

Este acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Porén, os seus efectos salariais recoñécense dende o 1 de xaneiro de 2006, prorrogándose anualmente en caso de non haber denuncia dalgunha das partes e según os trámites da legislación vixente.

CAPÍTULO II: PARTES DO CONVENIO E DEREITOS SINDICAIS E PRINCIPIO DE NON DISCRIMINACIÓN POR MOR DO XÉNERO

ARTIGO 3: PARTES.

1. Concertan este acordo, o Concello de Monforte de Lemos, representado polo seu Alcalde, e o persoal funcionario do devandito Concello, representado por CIG, CCOO e UXT, consonte o disposto no artigo 6.3 de Lei 11/1985, de 2 de agosto de Liberdade Sindical, e 30 e 35 da Lei 9/1987, de 12 de xuño, polo que se regulan os órganos de representación e determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

ARTIGO 4: DEREITOS SINDICAIS.

2. No Concello de Monforte de Lemos será de aplicación no relativo á representación sindical o disposto na Lei 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical e na Lei 9/1987, de 12 de xuño, polo que se regulan os órganos de representación e determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3. As partes comprométense a defender o cumprimento e disfrute das horas sindicais dos delegados electos.

4. As partes comprométense á defensa da libre sindicación e da acción sindical.

5. As partes comprométense asimesmo á garantía do dereito de folga cos límites legalmente previstos, especialmente en materia de prestación de servizos mínimos.

6. As partes comprométense a defender que os representantes sindicais dispoñan de medios para realizar as súas funcións.

7. As partes defenden as garantías persoais dos representantes sindicais sinaladas na Lei 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical e na Lei 9/1987, de 12 de xuño, polo que se regulan os órganos de representación e determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

8. As partes comprométense a garantir o respecto ao dereito de reunión dos empregados, segundo as previsións legais e sen perxuízo do bo funcionamento dos servizos municipais.

#### ARTIGO 5: PRINCIPIO DE NON DISCRIMINACIÓN POR MOR DO XÉNERO.

O Concello e os representantes dos funcionarios comprométense ao fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e á erradicación das discriminacións por mor do xénero no acceso ao emprego, na formación e promoción profesionais e nas condicións de traballo. Asimesmo, comprométense ao fomento da conciliación da vida familiar e laboral e da corresponsabilidade entre ambos os dous sexos.

### CAPÍTULO III: DEREITOS E DEBERES

#### ARTIGO 6: DEREITOS E DEBERES.

Os dereitos e deberes do persoal funcionario do Concello son todos aqueles previstos na lexislación vixente de aplicación, así como en toda aquela que se dicte durante a vixencia do presente acordo e resulte aplicable.

#### CAPÍTULO IV: CALENDARIO LABORAL E XORNADA

#### ARTIGO 7: CALENDARIO LABORAL.

1. O calendario laboral é o instrumento técnico a través do cal se procede a distribución da xornada e a fixación dos horarios do persoal ao servizo do Concello.

2. A festividade de Santa Rita, Patrona da Administración Local, é festa non recuperable.

#### ARTIGO 8: XORNADA.

1. Duración.- A duración máxima da xornada laboral común será de 37,5 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a 1.647 horas anuais.

2. Xornada de mañá.- O horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9,00 a 14,30 horas de luns a venres. O tempo restante, ata completar a xornada semanal, realizarase en horario flexible, entre as 7,30 e as 9,00 de luns a venres e entre as 14,30 e as 20,00 de luns a venres.

3. Xornada de mañá e tarde.- O horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9,00 a 17 horas, de luns a venres, cunha interrupción mínima de unha hora para a comida, e de 9,00 a 14,30 os venres. O resto da xornada, ata completar as 37,5 horas semanais, realizarase en horario flexible entres as 7,30 e as 9,00 horas e entre as 17,00 e as 20,00 horas, de luns a venres.

4. Os calendarios laborais, atendendo aos horarios de apertura ao público de determinadas oficinas e servizos públicos, poderán establecer outros límites horarios para a presenza obrigada do persoal.

5. Os días laborables que coincidan coas Festas Patronais de Monforte, así como os propios festivos no caso de empregados que desenvolvan a súa actividade durante os mesmos, a xornada laboral diaria reducirase nunha hora. No caso de funcionarios que presten servizos os días sinalados e aos que, pola natureza da actividade desempeñada, non resulte aplicable a sinalada redución, ésta será obxecto de posterior compensación por equivalente período de descanso.

6. Nos supostos de prestación de servizos en quendas, a súa organización e distribución horaria negociaranse anualmente entre o Concello e os representantes dos traballadores e funcionarios.

7. Durante a xornada de traballo disfrutárase dunha pausa, por un período de trinta minutos, que se computará como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar á prestación dos servizos.

8. O tempo de traballo computárase de modo que tanto ao comenzo como ao final da xornada, o persoal se atope nas dependenzas onde desenvolve as súas tarefas.

#### ARTIGO 9: VACACIÓNS.

1. O calendario de vacacións deberá elaborarse dentro do primeiro trimestre de cada ano. A tal efecto, cada funcionario presentará a súa proposta de disfrute do período vacacional.

2. As vacacións anuais retribuídas, que terán a duración legalmente establecida, disfrutaranse entre os meses de xuño a setembro, ambos incluídos, agás que o interesado solicitara disfrutalas en calqueira outro mes.

3. Se por razóns de servizo as vacacións non poidesen disfrutarse no período citado compensárase ao funcionario mediante o abono dunha contía equivalente ao haber íntegro de 15 días. Cando o funcionario o solicite, previa aceptación da Administración, poderá resultar compensado mediante o recoñecemento e disfrute de 15 días adicionais de vacacións.

#### ARTIGO 10: PERMISOS.

1. En materia de permisos será de aplicación o establecido no artigo 30 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública e o artigo 70 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galiza.

2. En todo caso, e con independencia do anterior tódolos funcionarios poderán dispor ao longo do ano dun período de permiso retribuído de nove días a disfrutar preferentemente en Semana Santa e no Nadal, axustándose as necesidades do servizo.

#### ARTIGO 11: SUSPENSÍONS POR INCAPACIDADE TEMPORAL.

1. Con carácter xeral disfrutaranse as suspensións establecidas na lexislación vixente.

2. As licencias por enfermidade xenerarán o dereito a percepción dun complemento ata o 100 por 100 da base reguladora da prestación por incapacidade temporal por un período de ata 12 meses.

3. En tódolos casos o Alcalde Presidente efectuará a comprobación de baixas por enfermidade a través dos facultativos que designe.

#### ARTIGO 12: HORAS EXTRAORDINARIAS.

1. Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo. A realización das horas extraordinarias, que terá que ser comunicada aos representantes dos funcionarios, será voluntaria agás cando sexan precisas para a realización de servizos de carácter urxente ou inaprazable.

2. A realización de horas extraordinarias será obxecto de compensación de carácter económico ou mediante o recoñecemento de descansos.

3. A realización de horas extraordinarias será obxecto de compensación económica nos termos seguintes:

a. Valor da hora extraordinaria en día hábil: incremento do valor hora nun 75 %.

b. Valor da hora extraordinaria efectuada en horario nocturno ou día inhábil: incremento do valor hora nun 150%.

4. Cando o solicite o funcionario, previa aceptación da Administración, a realización de horas extraordinarias será obxecto de compensación mediante descansos, que terán que disfrutarse nos catro meses seguintes a súa realización, nos termos seguintes:

a. No caso de horas extraordinarias efectuadas en día hábil, éstas compensaranse polo mesmo número horas de descanso incrementadas nun 75%.

b. No caso de horas extraordinarias efectuadas en horario nocturno ou día inhábil, éstas compensaranse polo mesmo número de horas descanso incrementadas nun 150%.

5. O número de horas extraordinarias realizadas non poderá superar as 80 anuais por cada empregado público, agás supostos xustificadas de prevención ou reparación de sinistros ou outros danos extraordinarios ou urxentes.

6. Co obxecto de promover a conciliación da vida familiar e laboral, a Administración e os representantes dos funcionarios expresan o seu compromiso de incentivar a compensación de horas extraordinarias mediante o disfrute dos correspondentes descansos.

7. O Concello e os representantes dos funcionarios expresan a súa vontade de configurar o recurso ás horas extraordinarias como excepcional, comprometéndose a súa paulatina erradicación mediante os incrementos de plantilla que se revelen necesarios segundo a RPT.

#### CAPÍTULO VI: SITUACIONES ADMINISTRATIVAS

##### ARTIGO 13: SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

Nesta materia estarase ao disposto para o persoal funcionario na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e na Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galiza

#### CAPÍTULO VII: RETRIBUCIÓN E CONDICIÓNS ECONÓMICAS

##### ARTIGO 14: RETRIBUCIÓN.

1. En materia de incremento retributivo, estarase ao disposto anualmente nas correspondentes Leis de Presupostos Xerais, do Estado e da Comunidade Autónoma de Galiza, sen perxuízo da súa concreción anual na correspondente mesa negociadora.

2. Asimesmo, establécese unha cláusula de garantía salarial, no marco da legislación vixente, que terá en conta calquera desviación que poida producirse sobre a inflación prevista para cada ano a efectos de posteriores incrementos retributivos. A devandita cláusula ten por obxecto que os funcionarios non perdan poder adquisitivo polos incrementos reais do IPC.

3. En todo caso, de apreciarse unha perda de poder adquisitivo nos complementos salariais competencia da Administración Local procederase á apertura da correspondente negociación.

4. O disposto nos apartados anteriores enténdese sen perxuízo dos conflitos plantexados con arreglo ao anterior convenio, que deberán resolverse consonte éste.

##### ARTIGO 15: CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

Anualmente negociaranse as retribucións deste acordo. A meta final da negociación é a aplicación do réxime retributivo que supoña unha total homologación salarial de tódolos empregados públicos do Concello, combinándose coa descripción e valoración dos postos de traballo, dentro dun sistema de promoción profesional que corresponda tanto aos intereses da Corporación como aos dos empregados.

##### ARTIGO 16: INDEMNIZACIÓNS.

A percepción de indemnizacións (dietas, gastos de viaxe, asistencias, etc.) axustarase á normativa legal vixente en cada momento e que sexa de aplicación ao persoal funcionario.

##### ARTIGO 17: PREMIOS POR ANTIGÜIDADE E GRATIFICACIÓNS POR XUBILACIÓN.

1. Establécese premios especiais de antigüidade para todos os funcionarios nos termos seguintes:

- Na nómina en que se cumplan cinco trienios: un premio de 240 euros.

- Na nómina en que se cumplan oito trienios: un premio de 600 euros.

2. Establécese un premio especial por xubilación ou incapacidade permanente de 2.400 euros, logo de ser recoñecida a correspondente xubilación ou incapacidade permanente pola Entidade Xestora correspondente.

## CAPÍTULO VIII: EMPREGO PÚBLICO, PROMOCIÓN INTERNA E INCOMPATIBILIDADES

### ARTIGO 18: EMPREGO PÚBLICO.

1. A selección de persoal efectuarase conforme os procedementos legalmente aplicables, garantizándose en todo caso a aplicación do principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

2. A selección do persoal funcionario deberá realizarse conforme á Oferta Pública de Emprego do Concello polo sistema de oposición ou concurso-oposición e, excepcionalmente, o de concurso.

3. O Concello de Monforte de Lemos someterá a consulta dos delegados de persoal, con carácter previo a súa publicación, as correspondentes Ofertas Públicas de Emprego.

4. Nos tribunais garantirase a presenza dun representante dos funcionarios designado polo Alcalde Presidente a proposta dos delegados de persoal, con titulación académica ou profesional igual ou superior á esixida para acceder a á praza convocada.

### ARTIGO 19: PROMOCIÓN INTERNA.

1. Concederase prioridade á promoción interna, parte fundamental da carreira funcional, facilitando o ascenso dos empregados públicos dunha categoría inferior a unha superior logo de superar as probas que se determinen. A Corporación comprométese a reservar o 60 por 100 de prazas para promoción interna con anterioridade á aprobación da Oferta Pública de Emprego.

2. Nos tribunais ou comisións de valoración garantízase a presenza dun representante do persoal designado polo Alcalde Presidente a proposta dos delegados de persoal.

### ARTIGO 20: INCOMPATIBILIDADES.

En materia de incompatibilidades, os funcionarios do Concello de Monforte de Lemos estarán suxeitos á normativa vixente de aplicación.

## CAPÍTULO IX: FORMACIÓN PROFESIONAL.

### ARTIGO 21: FORMACIÓN.

1. Constitúese unha comisión de formación de carácter paritario coa finalidade de negociar e establecer un plan de formación do Concello coas Administracións Públicas competentes, con cargo aos presupostos de Formación Continúa dos empregados ocupados. O Concello aportará uns fondos complementarios equivalentes a 12.000 euros anuais.

2. O plan de formación pactado perseguirá tres obxectivos básicos: formación permanente do persoal

para o desenvolvemento da súa actividade no Concello, formación dirixida á promoción profesional e formación dirixida á adaptación ao medio municipal para a mellora dos servizos.

3. Computaranse como tempo de traballo as horas consumidas en formación sempre e cando se integren no Plan de formación do Concello e coincidan coa xornada laboral dos interesados. Porén, non se compensarán por tempo de descanso as horas adicadas a formación que se desenvolvan fora de dita xornada.

4. Garántese o dereito subxectivo a asistir a cursos de formación aos servidores públicos do Concello. Sen perxuízo deste dereito, a asistencia aos cursos terá que compatibilizarse coas necesidades dos servizos.

## CAPÍTULO X: FONDO SOCIAL.

### ARTIGO 22: CREACIÓN DO FONDO SOCIAL.

1. Anualmente, no orzamento do Concello, dotarase unha partida en concepto de Fondo Social destinada ao financiamento de gastos de acción social do seu persoal. Dita partida consistirá nunha contía global equivalente ao 3% da masa salarial do exercicio correspondente. De non resultar adecuada a devandita contía poderá procederse a súa revisión.

2. Tódolos gastos de acción social financiados con cargo ao devandito Fondo deberán xustificarse antes do 15 de outubro do exercicio correspondente. Os gastos xenerados con posterioridade a data citada serán obxecto de reembolso, nos termos que procedan conforme ao sinalado nos artigos posteriores, na anualidade seguinte.

3. No prazo de 30 días a partir da publicación do Convenio Colectivo no Boletín Oficial da Provincia, constituirase unha Comisión paritaria de carácter consultivo conformada por 2 representantes do Concello e 2 representantes unitarios dos funcionarios. As funcións da citada Comisión serán as seguintes:

a) Revisión dos expedientes de reintegro de gastos.

b) Priorización de solicitudes no caso de non ser suficiente a dotación anual para a súa cobertura total. A tales efectos acórdase a seguinte orde de prioridades: atenderanse, en primeiro lugar, as solicitudes de axudas para o coidado de persoas con discapacidade; en segundo termo, as solicitudes de prestacións sanitarias; en terceiro lugar, as solicitudes de axudas ao estudo; finalmente, procederase a tramitación das solicitudes de axudas para a adquisición de vivendas.

c) Coñecemento con carácter semestral da situación do Fondo de Acción Social.

4. Os membros da Comisión gardarán siliio profesional sobre as materias debatidas na mesma. Asimesmo, o Concello tomará as medidas necesarias para preservar a identidade dos interesados en eventuais procesos de revisión ou priorización de solicitudes.

**ARTIGO 23. AXUDAS COMPLEMENTARIAS PARA O COIDADADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

1. Á vista da Lei reguladora do Sistema Nacional de Dependencia que se aprobe durante a vixencia do Convenio así como do correspondente desenvolvemento regulamentario, a Comisión de Fondo Social poderá aprobar axudas complementarias para o coidado de persoas con discapacidade a cargo de servidores públicos do Concello.

Transitoriamente e en exclusiva ata que entre en vigor a citada Lei de Dependencia así como o seu correspondente desenvolvemento regulamentario, establécese unha axuda de 500 € anuais por fillo a cargo menor diminuído complementaria á recoñecida polo Sistema público de Seguridade Social.

2. Asimesmo e coa mesma vixencia temporal, establécese unha axuda de 500 € anuais para os servidores públicos que acrediten ter ao seu coidado un maior dependente co que convivan segundo certificación expedida polos Servizos Sociais do Concello, sempre e cando a citada persoa dependente teña unha diminución da súa capacidade, recoñecida pola Autoridade Autonómica competente, de ao menos o 65%. Esixírase ademais que o maior dependente non teña rentas superiores a 1,5 veces o IPREM.

**ARTIGO 24: AXUDAS AO ESTUDO.**

1. Con cargo ao Fondo Social proporciónanse axudas ao estudo destinadas á compra de material escolar e de estudo polos membros da unidade familiar -funcionario, cónxuxe e fillos- matriculados nun centro de ensino oficial. As axudas consistirán como máximo no abono das seguintes contías, determinadas en función do nivel estudo do alumno:

- Ensino obrigatorio: 60 euros.
- Ensino post-obrigatorio: 150 euros.
- Ensino universitario: 300 euros.

2. Estas axudas serán abonadas anualmente previa presentación da documentación acreditativa dos gastos ocasionados pola compra de material escolar e de estudo.

3. A duración das axudas non poderá exceder o número de anos legalmente previsto no correspondente plan de estudos.

**ARTIGO 25: AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DA PRIMEIRA VIVENDA.**

1. Con cargo ao Fondo Social establécese unhas axudas para a adquisición da primeira vivenda no Concello de Monforte de Lemos, que terá que constituir a residencia habitual e permanente do empregado durante ao menos 10 anos.

2. Tales axudas consistirán nunha contía a tanto alzado equivalente a 1.800 euros, que será abonada por unha soa vez durante a relación laboral ou funcional co Concello, previa presentación da documentación acreditativa da devandita adquisición .

3. Poderán solicitar as axudas os traballadores e funcionarios do Concello cunha antigüidade mínima ininterrompida de 5 anos que adquiran a vivenda a partir da entrada en vigor deste Convenio. Asimesmo, poderán acollerse a estas axudas os traballadores e funcionarios que adquiriran a súa vivenda nos últimos 15 anos ou procederan ao seu pago durante tal período e, asimesmo, non disfrutaran de axuda do Concello.

**ARTIGO 26: PRESTACIÓNS SANITARIAS.**

1. Coa finalidade de complementar as prestacións sanitarias, establécese o seguinte baremo de subvencións:

- a) Próteses dentarias:
  - Prótese dental completa: 300 euros.
  - Prótese dental superior ou inferior: 150 euros.
  - Prótese dental de cada peza: 50 euros.
- b) Próteses de visión:
  - Lentes comúns ou lentes de contacto: 100 euros.
  - Lentes bifocais: 150 euros.

A duración mínima duns lentes establécese en tres anos, agás rotura en accidente laboral ou cambio de graduación debidamente acreditado, especialmente no caso de traballadores ou funcionarios que desenvolvan a súa actividade con pantallas de visualización de datos.

c) Próteses auditivas: o 50% do orzamento ata un máximo de 300 euros.

- d) Próteses ortopédicas:
  - Sobreplantas: 50 euros.

- Xustillos, colaríns, cadeiras de rodas, muletas, etc: o 75% do orzamento ata un máximo de 300 euros.

2. Para percibir estas prestacións será necesario presentar prescripción facultativa e xustificante do pagamento. Se o sistema público de Seguridade Social ou organismos semellantes subvencionan parcialmente as prestacións sanitarias citadas, o Concello, mediante as axudas que se regulan no presente artigo, abonará as contías precisas para acadar os importes deste baremo. En todo caso estas axudas son incompatibles coas que proporcione na súa totalidade o Sistema Público de Seguridade Social.

3. Os membros da unidade familiar que se beneficiarán das prestacións sanitarias reguladas no apartado 1º do presente artigo serán os seguintes:

- Cónxuxe e parexas de feito do traballador ou funcionario. No caso de convivencias non matrimoniais precisarase a constatación da convivencia estable e notoria durante o período mínimo que acorde a Comisión Paritaria.

- Fillos ou menores acollidos, menores de 26 anos o maiores incapacitados que convivan co traballador ou funcionario que non perciban rentas de calqueira natureza superiores ao 75 por 100 do

IPREM, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

- Aqueles familiares dependentes recoñecidos como ao cargo do traballador ou funcionario, que convivan co mesmo segundo certificación expedida polos Servizos Sociais do Concello, sempre e cando a citada persoa dependente teña unha diminución da súa capacidade, recoñecida pola Autoridade Autonómica competente, de ao menos o 65%. Esixírase ademais que o maior dependente non teña rentas superiores a 1,5 veces o IPREM. O abono das prestacións sanitarias destinadas a tales familiares do traballador ou funcionario queda condicionado á verificación por parte do Concello da citada situación de dependencia do beneficiario mediante solicitude, no seu caso, da correspondente certificación negativa.

4. Cada membro da unidade familiar non poderá beneficiarse de prestacións sanitarias contempladas no presente artigo por un importe superior a 300 € anuais.

#### CAPÍTULO XI: PERSOAL ADSCRITO A UNHA MUTUALIDADE ALTERNATIVA Á ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

##### ARTIGO 27: PERSOAL ADSCRITO A UNHA MUTUALIDADE ALTERNATIVA Á ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

1. Ao persoal adscrito a unha mutualidade alternativa á asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde o Concello abonaralle o importe das prestacións médicas e farmacéuticas debidamente prescritas nas mesmas condicións que os suxeitos integrados no Sistema público de Seguridade Social.

2. As partes asinantes comprométese a apertura dun proceso de negociación dirixido a inclusión de todo o persoal no Sistema Público de Seguridade Social.

#### CAPÍTULO XII: PÓLIZA DE VIDA E ACCIDENTES. ASISTENCIA XURÍDICA

##### ARTIGO 28: POLIZA DE VIDA E ACCIDENTES.

O Concello suscribirá para todos os seus empregados unha póliza de vida e accidentes, para facer fronte as contingencias profesionais.

##### ARTIGO 29: ASISTENCIA XURÍDICA.

O Concello comprométese a prestar asistencia xurídica ao seu persoal nos supostos de conflitos xurdidos con terceiros como consecuencia da prestación dos seus servizos.

#### CAPÍTULO XIII: ANTICIPOS

##### ARTIGO 30: ANTICIPOS.

1. O Concello, a petición do interesado, procederá ao recoñecemento de anticipos, sobre o total das súas retribucións. Tales anticipos concederanse ata o importe máximo permitido pola normativa de aplicación.

2. Non se concederán novos anticipos ata que o interesado proceda á devolución do anterior anticipo xa concedido.

3. A devolución das contías anticipadas efectuarase segundo a normativa legal aplicable.

#### CAPÍTULO XIV: SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

##### ARTIGO 31: SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

1. O Concello promoverá a Seguridade e a Saúde dos funcionarios mediante a aplicación das medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos laborais, someténdose para elo á Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e a súa normativa de desenvolvemento, así como á normativa dictada en materia de prevención de riscos laborais no marco da Comunidade Autónoma de Galiza.

2. Plan de prevención.- Consonte o previsto nos artigos 16 e 22 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, implantarase e aplicarase un plan de prevención de riscos laborais, conformando os instrumentos esenciais para a súa xestión e aplicación a avaliación dos riscos profesionais e a planificación da actividade preventiva. Na elaboración do plan de prevención prestarase especial atención ás particulares características que presentan policía local e bombeiros.

3. Servizo de prevención.- En cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais, o Concello, previa consulta cos representantes do persoal, atendendo a súa estrutura organizativa, aos riscos específicos presentes en determinadas actividades e a incidencia dos mesmos sobre o persoal, determinará a modalidade de organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas máis axustado as súas características.

4. Delegados de prevención e Comité de Seguridade e Saúde.- Os delegados de prevención -representantes dos empregados con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo- serán designados por e entre os representantes do persoal conforme á normativa de aplicación. Segundo ésta, constituirase asimismo un Comité de Seguridade e Saúde, composto paritariamente por Delegados de prevención e representantes do Concello.

5. Información, consulta e participación dos empregados públicos.- Coa finalidade de dar cumprimento ao seu deber de protección, o Concello informará, consultará e permitirá a participación dos empregados públicos en materia de prevención de riscos laborais, segundo o previsto nos artigos 18, 33 e 34 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. A estes efectos os representantes do persoal conformarán os canles de comunicación axeitados para a información, consulta e participación dos funcionarios. Non obstante, deberase informar directamente a cada funcionario dos riscos específicos que afecten ao seu posto de traballo ou función e das medidas de protección e prevención aplicables a ditos riscos.

6. Formación dos funcionarios.- En cumprimento do seu deber de protección, o Concello deberá garantir que cada funcionario reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, tanto no

momento da contratación, calquera que sexa a súa modalidade ou duración, como cando teñan lugar cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo. A formación terá que centrarse especificamente no posto de traballo ou función de cada empregado, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición de outros novos.

7. Vixilancia da saúde.- O Concello garantiralles aos funcionarios ao seu servizo a vixilancia periódica da súa saúde en función dos riscos inherentes ao traballo. A estes efectos, os funcionarios do Concello, que presten o seu consentimento para elo, serán sometidos a un exame médico anual.

8. Datos relativos á vixilancia da saúde.- Os datos relativos á vixilancia da saúde dos funcionarios non poderán ser utilizados con fins discriminatorios ni en perxuízo do funcionario. O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos funcionarios, sen que poida facilitarse ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do funcionario. Non obstante o anterior, o empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do funcionario para o desempeño do posto de traballo ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención, coa finalidade de desenvolver correctamente as súas funcións en materia preventiva.

